A Mancomunidade retén ou non destina ao fin para o que foron concedidas as subvencións estatais para a mellora da recollida separada e da implantación da compostaxe caseira

Na semana que Europa dedica á redución de residuos, a falta de accións vai xustamente no sentido contrario

O Ministerio concedeu á Mancomunidade unha aportación de máis de 180.000 euros para incrementar as prácticas sostibles, unha axuda que estaría pendente de execución

Lousame, 16 de novembro de 2018

Hai máis dun ano que a Mancomunidade Serra do Barbanza ten concedida unha subvención por parte do Ministerio de Medio Ambiente, dentro do Plan PIMA de 2017, que ten como obxectivo mellorar a xestión de residuos. Esta aportación, que ascende a algo máis de 184.000 euros, está aínda pendente de execución e ten como finalidade a mellora da recollida separada dos residuos así como fomentar a implantación da compostaxe caseira e comunitaria na zona do Barbanza, co obxectivo de reducir a xeración de residuos. Este desleixo na administración de fondos que contribúan a mellorar o tratamento do lixo evidencia, unha vez máis, o desinterese da Mancomunidade Serra do Barbanza polas prácticas sostibles, que se ven a unir aos atrancos que se poñen aos xestores do Complexo impedindo a renovación de maquinaria e incumprindo o contrato entre as partes.

O órgano supramunicipal non só prexudica así o bo funcionamento do Complexo Medioambiental Serra do Barbanza con prácticas coma o retraso na renovación dos camións -imprescindibles para unha axeitada recollida do lixo-, ou doutra maquinaria como a volteadora (tamén indispensable para o tratamento da fracción orgánica), así como a negativa a actualizar tanto as taxas do lixo e servizos de recollida en base á

poboación actual ou repoñer os contedores danados, senón que, o atraso na execución destes fondos representa un novo capítulo da desidia consentida e reiterada da Mancomunidade cara ó servizo de recollida e tratamento do lixo na zona do Barbanza que ata agora presentou as mellores cifras de Galicia en porcentaxes de reciclaxe.

A sensibilización ambiental, clave para a redución de residuos

Máis aló dunha cuestión económica, o desaproveitamento ou os retrasos na execución deste fondos supoñen un desprezo ós esforzos da cidadanía por contribuír a unha separación axeitada, clave para permitir unha recuperación de residuos e a elaboración de compost. Este desinterese por parte da Mancomunidade contribúe a degrada-la concienciación en materia ambiental e por consecuencia tamén bota por terra os esforzos en redución de residuos.

Nun momento onde dende diferentes ámbitos se está a fomentar a colaboración a tódolos niveis e dende distintas áreas, como a celebración da Semana Europea de Prevención de Residuos (do 17 ó 25 de novembro), para acadar esa concienciación cara a prácticas sostibles, resulta incomprensible este bloqueo de accións de educación e sensibilización, fundamentais para que ese mensaxe chegue a toda a cidadanía.

Unha aportación de 184.000 euros

No marco do Plan PIMA 2017 o Ministerio tería concedido unha aportación total de 184.350 euros á Mancomunidade Serra Do Barbanza, aínda que estas cantidades están divididas e enfocadas a dous proxectos diferentes que teñen como obxectivo a mellora da xestión da materia orgánica. A solicitude presentada no seu momento pola Mancomunidade, e que fora redactada e elaborada polo Complexo Medioambiental Serra do Barbanza, en base ás necesidades extraídas do análise dos datos da planta, fai fincapé en dous aspectos claves como son a mellora da recollida separada de biorresiduos, para a que se tería concedido unha aportación de 147.000 euros, e para a implantación da compostaxe caseira e comunitaria, que contaría cun orzamento de 37.350 euros.

Melloras na separación en orixe

Estes dous ámbitos de actuación atenden a atallar algúns dos déficits que está a presentar o tratamento do lixo na planta de Lousame e que é alleo ó funcionamento das instalacións e depende máis directamente da colaboración da cidadanía, por iso a concienciación ambiental que reverta na implicación da poboación é fundamental. Os estudos realizados na planta constatan que o porcentaxe de impropios que chega na fracción orgánica é dun 29%, mentres que a materia orgánica depositada incorrectamente no contedor de inorgánicos, o de tapa amarela, alcanza o 49% . Estes datos poñen de relevo a importancia da separación en orixe posto que, esta materia orgánica que chega no colector equivocado é superior en cantidade bruta á que se destina para o proceso de compostaxe, e termina sendo eliminada no vertedoiro da instalación, xa que a normativa actual esixe que só se elabore compost coa materia orgánica recollida separada.

Neste senso, no proxecto presentado para atallar esta problemática, a meirande parte das accións contempladas pasan pola sensibilización da cidadanía a través de iniciativas de formación e información. De aí, que esta demora na execución e aproveitamento dos fondos concedidos estea a facer un fraco favor á xestión do lixo na zona.

Unha zona ideal para implantar a compostaxe caseira e comunitaria

Outra das aportacións estaría destinada a compostaxe caseira e comunitaria, cunha aportación de 37.350 euros, e que é outro dos aspectos cos que a xestión do lixo podería mellorar sensiblemente. Cabe destacar que os seis concellos que integran a Mancomunidade Serra do Barbanza contan cun gran número de vivendas situadas en parroquias e aldeas que permiten a ampla implantación da compostaxe caseira, un método de tratamento do lixo que ademais contribúe a reducir a contaminación ambiental de forma directa.

En concreto esta subvención incluída no Plan PIMA 2017 permitiría a instalación de 250 composteiros individuais pensados para os núcleos máis dispersos da Mancomunidade e que se complementarían con dous composteiros comunitarios destinados a zonas de vivendas verticais, colexios ou residencias.

Un compromiso máis aló do tratamento do lixo

A aplicación destas aportacións económicas concedidas ó abeiro do Plan PIMA 2017 redundarían en sumar esforzos para reducir os residuos que se producen e lograr un maior aproveitamento dos refugallos que se xeran a diario. Estes son precisamente algúns dos obxectivos nos que o Complexo Medioambiental Serra do Barbanza leva traballando dende a súa posta en funcionamento no 2003, xa que son moi conscientes de que a concienciación ambiental e a implicación da cidadanía no proceso de separación do lixo é clave. De aí, que conten cun amplo bagaxe na programación de obradoiros e iniciativas divulgativas para distintos públicos ou a realización de visitas guiadas ás instalacións para que a poboación coñeza de primeira man o tratamento dos residuos que se fai na planta de Lousame. Neste senso, unha das últimas propostas impulsadas polo Complexo Medioambiental, en colaboración co Adega, está destinada á comunidade educativa da zona e busca a súa implicación na redución de residuos. Así, con motivo da celebración da Semana Europea da Prevención de Residuos, instaron ós escolares a aportar ideas para lograr a redución de residuos, todo ilo dende unha perspectiva creativa e onde tampouco faltan os agasallos sostibles e que contribúen a seguir formando conciencia ambiental.

O Complexo

O Complexo Medioambiental de tratamento de residuos da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza comezou a funcionar no 2003 coa misión de acadar as mellores taxas de reciclaxe e o máximo respecto ó medio ambiente. Os principais obxectivos desta planta son a xestión integral dos residuos domésticos dos concellos da Mancomunidade da Serra do Barbanza a través da compostaxe de materia orgánica e a recuperación de materiais para a súa reciclaxe en base ó principio de proximidade (realizar o tratamento dos residuos na área máis próxima posible a onde se producen).

A planta de Lousame ten as mellores taxas de recuperación de envases por habitante de España. En 2017, recibiu 30.000 toneladas de residuos orgánicos, inorgánicos, vidro, papel, cartón, vexetais e enseres domésticos procedentes dos nove concellos nos que opera. Nese ano recuperáronse 8.000 toneladas de residuos inorgánicos destinadas a

reciclaxe, o que equivale a 93 quilos/habitante e ano e compostáronse 3.000 toneladas de materia orgánica, equivalentes a 35 quilos/habitante e ano.

O Complexo Medioambiental do Barbanza ofrece servizo a nove concellos (Lousame, Porto do Son, Brión, Carnota, Muros, Rois, Pontecesures, Ames e Noia) cunha poboación total de aproximadamente 86.000 habitantes e abarca unha superficie de actuación de 625 quilómetros cadrados. Na planta de Lousame xestiónanse anualmente unhas 32.000 toneladas de residuos.